

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de maio de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezoito de maio de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(661).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 4 de maio de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

.

2(662).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.

Dáse conta da seguinte relación de Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 54/09 P.A. Demandante: D JOSE ANGEL FERNANDEZ PICALLO. Obxecto: desestimación por silencio administrativo de Reclamación Patrimonial. Expte.: 1832/243. Desestimado o recurso.

b) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 119/07 P.O. Demandante: URBASER, S.A. Obxecto: Inactividade por non pagamento de 2 facturas, e xuros, en contratos, pechamento vertedoiro do Zondal. Desestimado o recurso.

c) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4587/07, interposto pola CMDE. PROPIETARIOS AVDA. RAMÓN NIETO Nº 1. Obxecto: sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 1/04, sobre conservación da terrazo do edificio (cesión de uso público). Desestimada a apelación.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 247/08 P.A. Demandante: Dª DOLORES ALONSO ARIAS. Obxecto: Acordo X. Goberno local 23/06/08 (estimación parcial) Expte.: 1315/243. Desestimado o recurso.

e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 497/08 P.O. Demandante: D JOSE RAMON VILAR MORAL. Obxecto: Acto do 14/10/08 confirmatorio en reposición (Sanción tráfico. Expte.: 088631917). Desestimento da actora.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 212/2008, p.a. Demandante: Dª MARÍA ROSARIO ROMERO BAAMONDE E OUTRAS 2 PERSOAS. Obxecto: Acto da Xunta de Goberno Local, do 17/03/2008 (reposición) e 18/02/2008; selección de persoal laboral temporal. Expte. Nº 18118/220. Estimado o recurso.

g) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 84/2009, P.O. Demandante: Dª DOLORES LAGO PRADO. Obxecto: Resolución do 3/01/2009, sobre reclamación do 13/03/2007; RPA por caída o 2/02/2007 na beirarrúa. Expte.: 1.495/243. Arquivo de actuacións.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 57/2007, P.O. Demandante: VITALVIGO APARCAMIENTOS, S. L. Obxecto: Acto da Xunta de Goberno Local, de 5/02/2007. Interpretación de criterios de adxudicación de contrato (estacionamentos subterráneos). Expte.: 72171/210. Inadmitido o recurso.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 6/2009, P.A. Demandante: D. JOSÉ CARLOS ALONSO PÉREZ. Obxecto: “Desestimación presunta” de reclamación patrimonial do 7/01/2008. Expte.: 1.873/243. Inadmisíble o recurso.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de A Coruña no RC-A nº 129/2004, P.A. Demandante: POMBO VÁZQUEZ E HIJOS, S.L. Obxecto: Resolución do 2/04/2004; sanción en aplicación da ordenanza funeraria. Expte.: 5683/255-03. Desestimado o recurso.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Cáceres no RC-A nº 359/2008 Demandante: D. ANGEL MARÍA MORENO IGLESIAS. Obxecto: Resolución de 19 de agosto (reposición) e 5/02/2008; sanción de tráfico. Expte.: 078700881. Desestima o recurso.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 386/2008 P.A. Demandante: D. Ramón Fernández-Linares Bouza. Obxecto: Xunta de Goberno Local do 21/01/08. Cambio de posto de traballo (libre designación). Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(663).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 28.323,62 € A FAVOR DA SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES-SGAE, POLOS DEREITOS DE AUTOR DA PROGRAMACIÓN DO SEGUNDO SEMESTRE DE 2008. EXPTE. 3058/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 11.05.09, e de acordo cos informes do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 6 e 13 de marzo de 2009, conformados polo concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a nulidade da tramitación do contrato para os servizos prestados pola Sociedad General de Autores y Editores SGAE.

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES – SGAE (C.I.F. G-28.029.632) por un importe de 28.323,62 euros (vinte e oito mil trescentos vinte e tres euros con sesenta e dous céntimos): Factura nº 3209970 – Dereitos de autor xerados pola programación do segundo semestre de 2008.

3º.- Recoñecer e dispoñer o gasto a favor da SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES - SGAE (CIF G-28.029.643) con cargo á partida 4512.227.0602 por importe de 28.323,62 euros.

4(664).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 120.060 € A FAVOR DO INSTITUTO FEIRAL DE VIGO-IFEVI POLO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MUSICAIS ALTERNATIVO, DAS FESTAS DE VERÁN DE 2008.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 8.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 12.03.09, conformado polo concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a nulidade da tramitación do convenio para os servizos prestados polo Instituto Feiral de Vigo – IFEVI.

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor do INSTITUTO FEIRAL DE VIGO - IFEVI (CIF G-36.845.832) por un importe total de 120.060,00 (cento vinte mil sesenta) euros.

3º.- Recoñecer e dispoñer o gasto a favor do INSTITUTO FEIRAL DE VIGO - IFEVI (CIF G-36.845.832) con cargo á partida 4512.226.0810 por importe de 120.060,00 euros.

5(665).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 1040/12.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa, do 12.05.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. Remedios Rodríguez Millara. Expte. 1040/12.

6(666).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1218/02.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa, do 6.05.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. José Amosa Iglesias. Expte. 1218/02.

7(667).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O MANTENIMENTO E FOMENTO DE ACTIVIDADES DE MAIORES E DE BENESTAR SOCIAL NO ANO 2009. EXPTE. 40012/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 30.04.09 e 13.05.09, o informe de fiscalización do 11.05.09, e de acordo co informe-proposta da técnica

de actividades económicas, do 25.02.09, conformado pola delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para mantemento e fomento de actividades de maiores e de benestar social, para o exercicio 2009, que de seguido se transcriben e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Autorizar o crédito de 150.000 € para o gasto indicado, con cargo á partida 3130.489.00.00 “Subvencións a asociacións, entidades, etc.” do vixente orzamento.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS SEN ANIMO DE LUCRO PARA MANTEMENTO, E FOMENTO DE ACTIVIDADES DE MAIORES E DE BENESTAR SOCIAL

CONVOCATORIA 2009

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985 reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro.

A Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais (á que substituirá a recentemente aprobada Ley 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia) no seu artigo 21 atribúelle aos Concellos, entre outras, competencias no fomento dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro.

A Lei de Servizos Sociais, no seu artigo 5 sistematiza os servizos sociais nas seguintes áreas de actuación:

- *Comunidade*
- *Familia, infancia e xuventude*
- *Minusvalías*
- *Vellez*
- *Muller*
- *Drogodependencias e alcoholismo*
- *Minorías étnicas*
- *Delincuencia e reinserción*
- *Outras problemáticas de inserción social*

Co obxecto de fomentar a iniciativa de Asociacións no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente o financiamento de entidades privadas sen ánimo de lucro que presten servizos e programen actividades en beneficio dos colectivos indicados, o Concello de Vigo a través da Concillería de Benestar Social convoca as subvencións para entidades e asociacións sen ánimo de lucro que actúen no ámbito dos servizos sociais no marco xurídico da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así

como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto as normas de dereito privado.

A convocatoria destas subvencións efectúase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Primeira.- Obxecto e finalidade

É obxecto da presente convocatoria pública a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para mantemento ou realización de programas no ámbito das persoas maiores e de actuacións de promoción de servizos sociais mediante o desenvolvemento de actividades de carácter preventivo, asistencial rehabilitador ou de ocio, que teñan implantación nas áreas de actuación que establece a Lei de Servizos Sociais, efectúen as actividades en Vigo e cumpran os requisitos que se indican nas presentes bases.

As axudas irán destinadas a cubrir gastos derivados de programas ou proxectos da área de servizos sociais que presenten as asociacións, así coma os de normal funcionamento e mantemento das entidades, durante o ano 2009.

Segunda.- Programas subvencionables:

a) Programa de actividades de entidades que operan no ámbito dos servizos sociais .

- Este programa está dirixido a subvencionar proxectos ou actividades que se poidan integrar nunha ou varias áreas de actuación dos servizos sociais.
- O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, subvencionándose excepcionalmente aquelas que inclúan programas de intercambio con outras asociacións, debidamente xustificadas e que teñan unha relación ou implicación directa coa actividade da asociación e os obxectivos desta convocatoria.

b) Mantemento das entidades que operan no ámbito dos servizos sociais.

- Este programa está dirixido a subvencionar os gastos correntes de funcionamento e mantemento das súas entidades, entendidas como espazos xestores das súas actividades.

As entidades que operan nos ámbitos indicados poden solicitar a subvención por un concepto ou ambos, non sendo excluíntes, tendo en conta o indicado na Base Terceira da presente convocatoria.

Exclúense destas bases os proxectos ou actividades seguintes:

- Aqueles que para a mesma finalidade foran solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación do Concello de Vigo.
- Aqueles que xa se veñan realizando a través doutros programas do Departamento de Benestar Social (avellentamento activo, outono cultural, etc).

- *Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestructuras e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.*
- *Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.*
- *Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- *Aqueles de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- *Aquelas actividades propias dos clubs deportivos.*
- *Aquelas actividades levadas a cabo por administracións públicas, así como por entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas en calquera aspecto.*
- *Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
- *Aquelas que inclúan actividades de signo sanitario-asistencial previstas nos programas da sanidade pública.*

Terceira.- Financiamento e contía:

O importe total das subvencións non excederá o límite de 150.000€ e financiarase con cargo á partida 3130.489 00 00 –Subvencións a asociacións, entidades, etc.- do orzamento de Benestar Social do ano 2009.

Poderá subvencionarse o cen por cen do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a cantidade de 5.000€. por entidade solicitante.

No caso de que unha vez avaliadas as solicitudes se exceda do crédito destinado a estes programas, o Departamento de Benestar Social, axustará proporcionalmente a totalidade das subvencións ata encaixalas no crédito do ano 2009.

O calculo realizarase multiplicando cada unha das cantidades polo coeficiente corrector que resulte.

Cuarta.- Compatibilidade:

Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custe total do mantemento, programa ou actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Serán incompatibles coas que sexan outorgadas ás entidades que xa perciban financiamento municipal, mediante convenio ou outra fórmula, para a mesma actividade ou concepto.

Quinta.- Requisitos que deben reunir as entidades beneficiarias:

- a) Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro e dedicada a realización de actividades de carácter preventivo, asistencial, rehabilitador ou de ocio, e con implantación local.*
- b) Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo,*
- c) Que teñan sede social ou delegación no termo municipal de Vigo*
- d) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- e) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*
- f) Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.*
- g) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais.*
- h) Non estar incursos en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

Sexta.- Prazo e forma de presentación de solicitudes e documentación:

5.1 Prazo e forma de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra. Poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común.

5.2 Modelo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención presentaranse de acordo co modelo que figura no anexo destas bases reguladoras (ANEXO I)

5.3 Documentación.

Coa solicitude achegarase a documentación que se recolle a continuación:

DOCUMENTACIÓN XERAL

(a) *Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno. (ANEXO II).*

(b) *Certificación asinada polo secretario (ANEXO III) da entidade relativa a:*

- *Representación da persoa responsable legal da entidade e copia compulsada do seu DNI. En defecto da certificación do secretario, presentárase poder bastante sobre a representación para o responsable ou delegado que actúe en nome da entidade.*
- *Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade.*
- *CIF da entidade.*

No suposto de que a entidade presentase esta documentación ou parte da mesma a outra convocatoria de axudas das convocadas polo Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración que especifique a documentación xa presentada, así como o número de documento ou expediente en que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte ou estea sen actualizar.

(c) *Unha declaración responsable de estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Vigo, Tesourería da Seguridade Social e da Axencia Estatal da Administración Tributaria e Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, en base ó réxime simplificado para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, que establece o artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o artigo 24 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

(d) *Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

(e) *Declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.*

Os tres apartados anteriores: c,d,e, poden xustificarse co modelo de Declaración responsable do ANEXO IV.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA PROXECTOS OU ACTIVIDADES

Para as entidades que soliciten subvención para proxectos ou actividades, ademais da documentación sinalada nos apartados a) ó e), presentarán:

1. *Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que solicitan subvención, e no que se indique como mínimo:*

- Nome do proxecto
- Obxectivos e fins que persigue
- Actividades a realizar
- Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.
- Calendario de actividades

2. Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización do actividade ou proxecto.

Para cumprimentar estes dous apartados o solicitante pode escoller entre o ANEXO V, que contén a memoria explicativa do proxecto incluíndo o orzamento para viabilidade do proxecto, e o ANEXO VI, un guión a seguir cos datos necesarios para describir o proxecto e a súa viabilidade económica.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA MANTEMENTO

Para as entidades que soliciten subvención para mantemento, ademais da documentación sinalada nos apartados a ó e), presentarán:

- Breve informe xustificativo da necesidade dos conceptos solicitados
- Certificación da persoa legal responsable da entidade do orzamento de ingresos para 2009
- Certificación da persoa legal responsable da entidade do orzamento dos gastos totais da entidade para o ano 2009.

Para cumprimentar estes tres apartados pode utilizarse o ANEXO VII

Sétima.- Procedemento de concesión

Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo das mesmas e da documentación que as acompaña. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou non se acompañe a documentación que de acordo con esta convocatoria resulte esixible, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei. Durante o proceso de valoración das solicitudes poderase citar ás asociación para clarificar ou ampliar aspectos técnicos da solicitude.

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios de valoración que se determinan na Base novena e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos cara a formular a proposta de resolución.

Rematada a instrucción do expediente, como se establece na Lei 9/2007, de 13 de xuño, este será remitido á Comisión de avaliación que se expresa na base décimo segunda para emisión do informe e proposta de concesión da subvención e a súa contía, ou de desestimación, según o caso.

Oitava.- Publicidade

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos personais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaránse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas de Benestar Social e na propia paxina web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Benestar Social – Concello de Vigo”.

Novena.- Criterios de valoración

1.- Criterios xerais de valoración:

Fundamento:

- *Colaboración e/ou complementariedade coa acción da administración local.*
- *Que o programa se axuste a realidade social e ás necesidades do colectivo ao cal se dirixe.*
- *Integración e/ou complementariedade con outras experiencias*

- *Valores que contén, proxecta e promocionen o proxecto.*

Calidade:

- *Concreción, calidade e claridade*
- *Proxecto contrastado pola experiencia propia e/ou de outras entidades.*
- *Proxecto fundamentado, con estrutura interna coherente e sólida.*
- *Participación do colectivo beneficiario no deseño do proxecto.*

Impacto:

- *Relevancia do proxecto (impacto esperado).*
- *Aumento da capacitación das persoas e/ou dos colectivos implicados.*

Solidez e financiamento:

- *Permanencia do proxecto, continuidade no tempo.*
- *Valoración das edicións anteriores (para o caso de continuidade)*
- *Dispoñibilidade de sistemas para o control, seguimento e avaliación final do proxecto.*
- *Plan de financiamento (aportación propia).*
- *Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento e recursos.*

Entidade:

- *Experiencia, traxectoria, base social e participación no tecido social.*
- *Capacidade de convocatoria e mobilización da entidade.*
- *Colaboración con outras entidades na elaboración do proxecto.*
- *Fomento do asociacionismo, do voluntariado e da participación cidadá.*

2.- Criterios específicos de valoración:

- *Actividades que vaian dirixidas á prevención e á atención de persoas e/ou colectivos e que se complementen coa intervención realizada dende os servizos sociais municipais.*
- *Promoción e atención a persoas con discapacidade.*
- *Iniciativas de atención e promoción social para adultos con necesidades específicas e que se atopen en situación de desigualdade, discriminación ou exclusión.*
- *Proxectos con dinámicas sociais abertas que vaian dirixidos a colectivos co fin de acadar una elevada cohesión social.*
- *O emprego da lingua galega na realización das actividades*
- *Iniciativas que plantexen solucións a problemas sociais de forma multidimensional e/ou integral.*

- *Proxectos ou actividades que aporten melloras substanciais á calidade de vida das persoas, intervindo en áreas sociais, culturais e outras.*
- *Iniciativas que impulsen fórmulas innovadoras solventes para a atención social de persoas ou/familias de colectivos con necesidades diferenciadas.*
- *Proxectos que propoñan novas iniciativas para intervir na prevención de situación de vulnerabilidade promovendo a inclusión social.*
- *Proxectos que vaian dirixidos á integración de acción transversais para a inclusión social*

Décima.- Ponderación e valoración

A concesión das subvencións atenderá os criterios anteriores e tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias de Benestar Social destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer una prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Para proxectos ou actividades:

O proxecto que acompaña á solicitude será revisado técnicamente ao fin de avaliar o grao de cumprimento dos criterios de valoración tanto xerais como específicos e elaborarse a correspondente valoración.

O proxecto pode acadar una puntuación máxima de DEZ puntos (de 0 a 10), repartida en dúas partes:

- a) *Puntuación por adecuación do proxecto aos criterios xerais de valoración (punto 1 da base novena):*
 - *Ata 5 puntos, con un máximo dun punto por criterio, para os criterios que evalúen as características e a adecuación técnica do proxecto (fundamentos, calidade, impacto, solidez e financiamento, así como da entidade solicitante).*
- b) *Puntuación por adecuación do proxecto aos criterios específicos da valoración (punto 2 da base novena):*
 - *Ata un máximo de 5 puntos por adecuación do proxecto aos criterios específicos de valoración de cada ámbito (punto 2 da base novena). Para cada ámbito indícanse os requisitos e criterios que ten que cumprir o proxecto presentado, atendendo as especificidades de cada temática as cales se tomarán como base para a valoración do proxecto.*

A valoración final do proxecto resultará da suma da puntuación obtida en ambos grupos de criterios.

Para gastos de mantemento

As axudas, individualmente consideradas poden acadar un máximo de DEZ puntos (de 0 a 10) valoradas tendo en conta os criterios e as puntuacións seguintes:

- Ata un máximo de 4 puntos atendendo a maior ou mais específica colectividade á que se dirixe a entidade.
- Ata un máximo de 3 puntos atendendo á relación da entidade no campo da acción social e da experiencia no seu ámbito de actuación.
- Ata un máximo de 3 puntos atendendo ao grao de implantación na cidade.

Décimo primeira.- Procedemento de concesión e Órganos competentes

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

A instrucción do procedemento de concesión das subvencións convocadas corresponde ao Departamento de Benestar Social.

A comisión de avaliación fará a proposta de resolución das subvencións solicitadas.

A Xunta de Goberno Local aprobará o expediente das concesións e denegacións das subvencións solicitadas.

Décimo segunda.- Composición da comisión de avaliación

A comisión de avaliación estará integrada pola Concelleira-Delegada de Benestar Social, en calidade de presidenta, e o xefe de área e a xefa de coordinación de Benestar Social como vocais da mesma, exercendo un deles como secretario/a.

Décimo terceira.- Notificación da resolución e recursos

A resolución da solicitude de subvención sera notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de catro meses, contados desde a data de aprobación pola Xunta de Goberno Local. Transcorrido dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da publicación de la disposición impugnada ou o da notificación o publicación do acto que poña fin á vía administrativa, si fose expreso. Si non o fora o , o prazo será de seis meses e se contará, para o solicitante e outros posibles interesados, a partires do día seguinte a aquél no que, segundo a súa normativa específica, se produza o acto presunto, todo elo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios

- *A aceptación da subvención por parte dos adxudicatarios implica a aceptación das obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro e leva implícita a autorización á Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo para facer públicas as subvencións concedidas de acordo co definido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Realizar a actividade ou efectuar os gastos de mantemento que fundamentan a concesión da subvención.*
- *Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos establecidos, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.*
- *Colaborar coas actuacións de comprobación e información quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.*
- *Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.*
- *Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.*
- *Facer constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo- Benestar Social-, comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.*
- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*
- *E as demais obrigas consignadas nos artigos 14 da Lei Xeral Tributaria e 11 da Lei de Subvencións Galega.*

Décimo quinta.- Prazo e forma de xustificación

Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.

A xustificación das axudas efectuarase como máximo ata o 31 de xaneiro de 2010. Non obstante, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, poderá ser ampliado o prazo destas xustificacións se ocorreran excepcións debidamente acreditadas.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Terán consideración de gastos subvencionables aqueles que correspondan ao funcionamento da entidade e os gastos ocasionados pola actividade desta, así como os motivados pola organización de actividades, viaxes, aloxamento e comidas, alugamento de instalacións, etc.

En xeral son subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade.

Non serán subvencionables os gastos correspondentes a investimento e material inventariable.

A documentación para xustificar a subvención presentarase no Rexistro Xeral, conformando a Conta Xustificativa, que consistirá en:

1.- Unha memoria de actuación, xustificativa do cumprimento dos proxectos ou actividades subvencionadas.

2.- Unha memoria económica, xustificativa do custe da actividade subvencionada ou ben dos gastos de mantemento que comprenderá:

- Unha relación clasificada de gastos vinculados á subvención (anexo VIII).*
- Facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa incorporados na relación anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reunan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique que a entidade está exenta de IVE.*
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.*
- Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou vinculadas a unha federación ou confederación, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.*
- En xeral, os documentos xustificativos deberán comprender os gastos vinculados de forma directa ao ano 2009 e non será necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria*

-Acreditar, con anterioridade ao pago da subvención, que se atopa ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia Tesourería da Seguridade Social. Unha declaración responsable pode substituír a presentación das certificacións, en base ó réxime simplificado para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, que establece o artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o artigo 24 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou

parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso de non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. Asemesmo, poderá reducirse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Décimo sexta.- Seguimento

O persoal técnico do Departamento de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución das subvencións, así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención, así como a conformidade cos documentos xustificativos presentados, ou aquelas circunstancias que imposibilitan súa aprobación.

Décimo sétima.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Décimo oitava.- Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

8(668).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN E ENSINANZAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA (SETEMBRO 2009-AGOSTO 2010). EXPTE. 3100/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 5.05.09, conformado polo concelleiro-delegado de Animación Sociocultural e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria de data 21-08-2006, adxudicou o contrato da asistencia técnica da xestión e ensinanzas da Escola Municipal de Danza do Concello de Vigo a D. Wenceslao Cabezas del Toro (NIF 35.925.740-Q), por un prezo anual de 112.791,52 euros.

Na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares e apartado 7 das FEC establece que o prazo de execución do servizo prestado é de dous anos, contados desde o 1 de setembro de 2006, polo que o dito prazo remataría o 31/08/2008. Igualmente, considérase a posibilidade de prórroga do contrato por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas, de modo que a duración total do contrato (incluídas as dúas prórrogas) non podería exceder de catro anos (cláusula 2.3.2 do Prego tipo de cláusulas administrativas), sempre que o contratista non se opoña á dita prórroga cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do prazo.

O contrato foi prorrogado por un ano por acordo da Xunta de Goberno de 29-04-2008

En data 17/04/2009, o contratista presenta escrito no que manifesta a súa conformidade para realizar a prórroga do dito contrato.

O xefe do servizo de Animación sociocultural considera que os servizos contratados co señor Cabezas veñen sendo prestados segundo o estipulado no contrato, polo que non ve ningún inconveniente na prórroga do mesmo.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Prorrogar o contrato de adxudicación de asistencia técnica da xestión e ensinanzas da Escola Municipal de danza, a favor de D. Wenceslao Cabezas del Toro (con NIF 35.925.740-Q) polo período comprendido entre o 01-09-2009 ó 31-08-2010.

2º. Autorizar e comprometer un gasto de 121.157,95 euros (mais as pertinentes revisións de prezos que correspondan segundo a actualización do IPC), dos cales:

- 48.463,18 euros corresponden ó período setembro-décembro 2008, con cargo á partida presupostaria 4512.227.0601 (Escola Municipal de Danza) do exercicio económico 2009 – documento RC 5930.”

- 72.694,77 euros corresponden ó período xaneiro-agosto 2010, que se financiarán con cargo ós créditos que se asignen do programa orzamentario para o exercicio económico 2010.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(669).- SOLICITUDE DE D. FRANCISCO JOSÉ PIÑEIRO LORENZO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A IV MARCHA CICLISTA A NAVIA O DÍA 31 DE MAIO. EXPTE. 8553/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.04.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Francisco José Piñeiro Lorenzo , a organizar o vindeiro domingo 31 de maio de 2009, o evento denominado “IV MARCHA CICLISTA A NAVIA “ a marcha terá a saída as 10.30 horas dende a rúa Teixugueiras e rematará ás 12.30 horas na deveda de San Paio de Navia, percorrendo as rúas, rúas Ufas, Pedraseixa, Poza do Cabalo, Teixugueiras, san Paio de Navia, rúa do Rio, avda de Samil, avda de Europa, Bravo, Pereiras , Lourido, Bravo.

10(670).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA CASTRO SAN MIGUEL DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O XV CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO-SAN MIGUEL O DÍA 24 DE MAIO. EXPTE. 8516/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.04.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Agrupación Deportiva Castro San Miguel, a organizar o vindeiro domingo 24 de maio de 2009, o “XV CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO-SAN MIGUEL”, dito Cross se levará a cabo no Parque de Castrelos, dende as 9.30 horas ata as 14.00 horas.

11(671).- CONVALIDACIÓN DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 45.670,39 € A FAVOR DE UTE IMES-ESYCSA POLO MANTENIMENTO DE TÚNELES E PASOS INFERIORES. EXPTE. 12962/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 6.05.09, conformado pola concelleira de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 12/07/04, adxudicou entre outros o Expte. 16.628/240 “Mantemento Integral das Instalacións electromecánicas dos tuneis e pasos inferiores”, por un período de 2 anos prorrogable en 2 anos máis.

A última prórroga deste contrato (Expte. 12.198/444), rematou o pasado día 31 de agosto de 2008. Con antelación suficiente, 6 de marzo de 2008, no Servizo de Electro-Mecánicos redactouse o Prego de Prescricións Técnicas, co expte. 12.423/444, remitido posteriormente á Oficina de Contratación o 7 de marzo. Este expediente atópase actualmente na Oficina de Asesoría Xurídica para informe dende o pasado 7 de xullo.

Tendo en conta que as instalacións que regulan o tráfico no interior do túnel deben estar permanentemente controladas e en perfecto estado de funcionamento xa que o contrario suporía un grave perigo para a circulación, e polo que se considera imprescindible que se siga prestando servizo de mantemento a estas instalacións.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro pasado a seguinte proposta:

1º.- Encomendar á UTE Imes-Esycsa, adxudicataria ata o 31 de agosto de 2008 que continúen coa prestación do servizo de mantemento dos Túneis e pasos inferiores, ata a adxudicación do novo contrato, nos mesmos termos e condicións establecidas no prego que serviu de base para a contratación de tal servizo.

2º.- As certificacións mensuais por prestación do servizo, ao non existir contrato, deberán ser tramitadas mediante expediente de convalidación de gasto sendo financiadas con cargo á partida “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 4324.227.06.02.

Polo anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local, PROPOSTA:

1º.- Recoñecer unha Convalidación de crédito a favor da UTE Imes-Esycsa, por un importe total de 45.670,39 Euros, correspondente á facturación do mes de abril de 2009, con cargo á partida orzamentaria “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 4324.227.06.02.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(672).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE ABRIL DE 2009. EXPTE. 6378/306.

Mediante providencia do 5.05.09, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, de acordo co disposto na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Medio Ambiente durante o mes de abril de 2009:

EXPTE.: 6378/306		– CONTRATOS MENORES –			Abril 2009		
Expte.	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
6345/306	4533.210.00.00	CMSUB	Adquisición de 900 postes de pino vermello tratado para a protección das dunas	Maderas del Noroeste	03/04/2009	14/04/2009	5.794,00 €
6387/306	4450.226.02.01	CM SER	Organización, selección de persoal, formación previa de guías e monitores do programa “Camiño a Camiño”	Arenaria Coordinación, SLNE	22/04/2009	28/04/2009	14.814,34 €
6391/306	4450.226.02.01	CM SER	Servizo de transporte marítimo ás Illas Cíes e xiras pola Ría o 26 de abril, 9,10, 23, 24, 30 de maio e 6 de xuño	Naviera Mar de Ons, SL	22/04/2009	28/04/2009	10.800,00 €
6386/306	4450.226.02.01	CM SER	Realización do reportaxe fotográfico do programa Camiño a Camiño	Paulino José Rguez. Villar	22/04/2009	28/04/2009	3.364,00 €

6337/306	4450.227.00.00	CM SER	Retirada de residuos sólidos na caneira da Madroa	Contenedores de Vigo	30/03/2009	16/04/2009	2.394,66 €
6371/306	4450.227.06.03	CM SER	Retirada de niños e ovos de gai-votas, así como o rescate de po-los caídos ou feridos a petición dos cidadáns	Agro Nerga, SL	20/04/2009	21/04/2009	20.758,20 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

13(673).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE ABRIL DE 2009. EXPTE. 859/334.

Mediante providencia do 13.05.09, a concelleira delegada Xuventude, igualdade e Normalizaicón Lingüística, de acordo co disposto na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de abril de 2009, que son os seguintes:

Expediente	848/334. Adquisición de soportes publicitarios
Decreto conce- lleira	data 29 de abril de 2009
Informe Inter- vención	RC 24256
Adxudicatario	María Victoria Pérez Cancelas (Galicia Sostenible)
Importe	1.183,20 euros

Expediente	849/334. Realización dun estudo estatístico do estado da normalización lingüísti- ca no Concello
Decreto conce- lleira	data 29 de abril de 2009
Informe Inter- vención	RC 22831
Adxudicatario	Xoma iniciativas sociais, S.L.
Importe	17.980,00 euros

Expediente	850/334. Adquisición de libros para as entidades veciñais e culturais viguesas
Decreto conce- lleira	data 30 de abril de 2009
Informe Inter- vención	RC 24425
Adxudicatario	Sociedade Cultural Na Virada

Importe	936,00 euros
---------	--------------

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

14(674).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ABOAR A LIQUIDACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO ANO 2008 Á UNIÓN COMARCAL DA CIG DE VIGO. EXPTE. 4060/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 30.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 19 de maio de 2008, adoptou o acordo de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e as organizacións sindicais CC.OO, CIG e UGT para o ano 2008, de xeito que este esforzo conxunto permita a prestación descentralizada dun servizo de información e atención á cidadanía e o desenvolvemento dun conxunto de accións sociais de interese xeral para a veciñanza desta cidade.

Na cláusula quinta do convenio establecece que a súa vixencia comprende dende o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2008. Conforme a cláusula décimo primeira, na que se regula o réxime financeiro, tramitación de pagos e liquidación, e tal como se indica no seu apartado número 4 “as organizacións sindicais, unha vez rematadas a/s actividade/s dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia do convenio, presentarán no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada [...]”

Con data 24/02/09 e número de documento 90025586, e unha vez rematado o prazo establecido no convenio, a Unión Comarcal da CIG de Vigo, presentou a memoria económica xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio e a correspondente solicitude de abono do importe conveniado.

Polo anteriormente exposto, e tendo en conta que o incumprimento realizado ao presentar a memoria xustificativa do convenio fóra de prazo é un incumprimento menor, e coñecedores da traxectoria de colaboración da devandita Unión Comarcal de CIG que ven prestando servizos de forma satisfactoria durante os último anos, proponse á Xunta de Goberno Local, como paso previo ao seu envío ao servizo de Intervención para a súa fiscalización, a adopción do seguinte acordo:

1. Autorizar a tramitación correspondente para aprobar o abono de 14.250,00 € a favor da Unión Comarcal da CIG (CIF:G-36706927) correspondente a terceira parte do total do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e as organizacións sindicais CC.OO, CIG e UGT para o ano 2008. Así como, dar conta á Unión Comarcal da CIG, da excepcionalidade deste acto e lembrarlle a obriga de cumprimento do convenio de colaboración.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(675).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 280.387,61 € A FAVOR DE “LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A.” POLOS TRABALLOS DE LIMPEZA NA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 18641/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 4.05.09, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 27.04.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, por Resolución da Alcaldía de 30 de decembro de 2002, acordou adxudicar o servizo de limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias municipais, propias ou arrendadas, á empresa "Limpezas del Noroeste, S.A."- LINORSA-, por un prezo contractual de 957.374,84 euros/ano, e un prazo de dous anos, con posibilidade de prorroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do Organo de Contratación.

O prazo da contratación ó que se refire o parágrafo anterior, tal como estaba estipulado no prego de condicións que rexeu o concurso convocado para a adxudicación, finalizou o 31 de decembro de 2006, e o feito que á data actual, non esté adxudicado un novo concurso para a prestación do servizo de limpeza en distintas dependencias municipais, según informa o servizo de contratación, por mor da publicación da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público, na que se prevé unhas condicións mais favorables en canto a prazos, considerouse preferible demorar a redacción do prego de condicións e a posterior licitación ata a entrada en vigor de dita Lei. A decisión anterior non solo afectou a presente contratación senon tamén ó resto das contratacións dos distintos servizos, obras e suministros municipais, feito que provocou un retraso considerable e que fai que a data actual o expediente aínda non esté adxudicado, todo elo fai que sexa necesario indemnizar á empresa polos servizos prestados.

Dado o tipo de servizo de que se trata, requireuse ó adxudicatario do servizo, para que continuase coa prestación deste, ata que se adxudique o novo expediente de contratación que se está tramitando.

A empresa adxudicataria manifestou a conformidade á continuar coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións que ata data se estaba realizando, incluíndo a posibilidade de revisión de prezos tal como se recollía na contratación inicial concertada coa empresa.

O importe facturado considerase adecuado, xa que, o cálculo deste, foi efectuado en base os mesmos criterios, e correspondense cos vixentes no contrato do servizo de limpeza de dependencias do Concello de Vigo cúa empresa Linorsa.

O importe deste expediente de recoñecemento de debida, corresponde ó adeudado á empresa perante os meses de FEBREIRO e MARZO de 2009, a facturación do mes de xaneiro aparece revisada conforme o convenio provincial de limpeza de edificios. Inclúise tamén o importe correspondente a limpeza nos aseos do parque de Castrelos, por mor de unha nova ampliación cúa inclusión dos aseos.

O importe facturado mensualmente pola limpeza dos distintos centros, unha vez actualizado é o seguinte:

- Limpeza Casa do Concello 125.823,72 euros.*
- Limpeza edificio rúa areal 36/Oporto 10.102,58 euros.*
- Limp. Programa pto. Xove 580,30 euros.*
- U.B.A.S. Teis 347,86 euros.*
- Programa empece 1.181,41 euros.*

- *Limpeza en vestuarios de Castrelos 518,07 euros.*
- *Limpeza en aseos de castrelos: 381,98 euros.*
- *Aumento do servizo de limpeza en Parque Movil 951,41 euros.*
- *Centro Sereos Elduayen nº 7: 355,30 euros.*

Incluíse tamén neste expediente de crédito, a facturación de diversos traballos extraordinarios realizados en distintos centros municipais, como a limpeza extraordinaria por exames na biblioteca central..

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, se adopte o acordo de indemnizar a empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de limpeza na Casa do Concello e outras dependencias municipais, 280.387,61 euros ive engadido.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 280.387,61 euros, ive engadido, que se imputarán a partida presupuestarias 12102270000 do vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(676).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES O GALLO S.L. POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA URZÁIZ. EXPTE. 76232/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transportes, do 12.05.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 05 de agosto de 2005 por CONSTRUCCIONES O GALLO, S.L, con NIF B-36108298, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa URZÁIZ, por non producirse danos.

17(677).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES O GALLO S.L. POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA URZÁIZ. EXPTE. 76234/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transportes, do 12.05.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 10 de agosto de 2005 por CONSTRUCCIONES O GALLO, S.L, con NIF B-36108298, por un importe de 13.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa URZAIZ, por non producirse danos.

18(678).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E DE FERRAXERÍA. EXPTE. 50894/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 20.04.09, conformado polo asesor xurídico e pola concelleira delegada de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prorroga-lo contrato de subministro de Materiais de Construcción asinado con “Transportes y Áridos Pablo Val, S.L.” para o servizo de Vías e Obras, por un prazo igual o do contrato e quedando o mesmo nun importe máximo de 700.000,00 € para o período 2009-2011 (350.000,00 € / ano), existindo para elo a conformidade do contratista.

2º.- Imputar os gastos do contrato de subministro de Materiais de Construcción do seguinte xeito :

. Primeiro ano de prórroga: Para o exercicio 2009 un importe de 230.000 € e para o exercicio 2010 un importe de 120.000 €

. Segundo ano da prórroga: Para o exercicio 2010 un importe de 230.000 € e para o exercicio 2011 un importe de 120.000 €

3º.- Prorroga-lo contrato de subministro de Materiais de Ferraxería asinado con “ Ferretería Pombo, S.A.” para o servizo de Vías e Obras, por un prazo igual o do contrato e quedando o mesmo nun importe máximo de 200.000,00 € para o período 2009 - 2011 (100.000,00 € / ano), existindo para elo a conformidade do contratista .

4º.- Imputar os gastos do contrato de subministro de Materiais de Ferraxería do seguinte xeito :

. Primeiro ano de prórroga: Para o exercicio 2009 un importe de 66.000 € e para o exercicio 2010 un importe de 34.000 €

. Segundo ano da prórroga: Para o exercicio 2010 un importe de 66.000 € e para o exercicio 2011 un importe de 34.000 €

A presente resolución comunicarase ó servizo de Contratación e ós contratistas interesados ós efectos oportunos.

19(679).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS. EXPTE. 50894/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 20.04.09, conformado polo asesor xurídico e pola concelleira delegada de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Reducir en 80.000,00 € o importe máximo do contrato de subministro de áridos asinado con “ Transportes y Áridos Pablo Val, S.L.” para o servizo de Vías e Obras, quedando o mesmo en un importe máximo de 160.000,00 € por ano para os períodos 2009- 2010 e 2010 - 2011; existindo para elo a conformidade do contratista.

2º.- Aprobala prórroga do contrato de subministro de áridos con “ Transportes y Áridos Pablo Val, S.L.” por o mesmo período de dous anos e un importe total de 320.000,00 euros (160.000,00 € / ano)

3º.- Aprobar o gasto do contrato con cargo á partida presupostaria 5110.210.0000 coa imputación anual seguinte :

. Primeiro ano de prórroga: Para o exercicio 2009 un importe de 117.000 € e para o exercicio 2010 un importe de 43.000 €

. Segundo ano da prórroga: Para o exercicio 2010 un importe de 117.000 € e para o exercicio 2011 un importe de 43.000 €

A presente resolución comunicarase ó servizo de Contratación e ó contratista interesado ós efectos oportunos.

20(680).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS. EXPTE. 50885/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 20.04.09, conformado polo asesor xurídico e pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prorroga-lo contrato de subministro de Formigóns asinado con “ Transportes y Áridos Pablo Val, S.L.” para o servizo de Vías e Obras, por un prazo igual o do contrato e quedando o mesmo nun importe máximo de 400.000,00 € para o período 2009-2011, a razón de 350.000,00 € / ano , existindo para elo a conformidade do contratista.

2º.- Imputar os gastos do contrato de subministro de Formigóns do seguinte xeito :

. Primeiro ano de prórroga: Para o exercicio 2009 un importe de 130.000 € e para o exercicio 2010 un importe de 70.000 €

. Segundo ano da prórroga: Para o exercicio 2010 un importe de 130.000 € e para o exercicio 2011 un importe de 70.000 €

A presente resolución comunicárase ó servizo de Contratación e ós contratistas interesados ós efectos oportunos.

21(681).- AMPLIACIÓN DO CONTRATO DE ALUGUER DE MAQUINARIA. EXPTE. 55050/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 20.04.09, conformado polo asesor xurídico e pola concelleira delegada de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Incrementar en 80.000,00 € por ano o importe máximo do contrato de aluguer de maquinaria, ampliando éste tamén á prestación de operadores da mesma, asinado con “Sercosya Proyectos y Obras, S.A.” para o servizo de Vías e Obras, con cargo a partida orzamentaria 5110.210.0000, quedando o mesmo nun importe máximo de 550.000,00 € (275.000,00 € / ano) a partires do ano 2009.

2º.- Aprobar o incremento do gasto do contrato para a segunda anualidade do mesmo coa imputación anual seguinte :

. Para o segundo ano do contrato, exercicio 2009 un importe de 80.000 € , quedando o importe anual en 275.000,00 € con cargo á partida 5110.210.0000

A presente resolución comunicárase ó servizo de Contratación e ós contratistas interesados ós efectos oportunos.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

22(682).- BASES E CONVOCATORIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS DE EDIFICIOS E LOCAIS COMERCIAIS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN PEPRI BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS, ANO 2009. EXPTE. 4771/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 13.05.09, o informe de xurídico do 6.05.09, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 30.04.09, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, para o ano 2009.

2º.- Autorizar, ao indicado fin, o gasto de 135.000 euros, con cargo á partida 4531.7800001 (subvencións cubertas e fachadas edificios históricos), do vixente orzamento xeral do Concello.

Bases e convocatoria específica para a concesión de subvencións á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI do barrio de Bouzas

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de patrimonio histórico-artístico.

En concreto, o Servizo de Patrimonio Histórico considera que é necesario realizar unha serie de actuacións para á protección do patrimonio arquitectónico do Barrio Histórico de Bouzas, no marco do seu Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI), que contribúan ao proceso de recuperación da súa “Área de Rehabilitación de Centro Histórico” (ARCH), mediante a rehabilitación e recuperación de construcións no ámbito do barrio.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e promoción do barrio de Bouzas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2009 consignan, na partida orzamentaria 4531.7800001 “subvencións cubertas e fachadas edificios históricos”, un crédito por un importe total de 135.000,00 Euros (cento trinta e cinco mil euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellaría de Patrimonio Histórico destina a colaborar no financiamento da actividade de rehabilitación do barrio de Bouzas.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos orixinados pola mellora da imaxe exterior de locais comerciais e as obras de rehabilitación e tratamento de fachadas, paredes medianeiras, cubertas e elementos singulares dos inmóbeis de interese histórico, arquitectónico ou paisaxístico situados no ámbito do barrio histórico de Bouzas da cidade de Vigo, que se realicen no ano 2009.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONÁBEIS.

Serán gastos subvencionábeis os que de xeito indubitado corresponden á mellora xeral da imaxe externa das plantas baixas comerciais e os custos de execución das obras necesarias para a limpeza, mantemento, adecuación, reforma e/ou restauración para acadar as axeitadas condicións de salubridade, seguridade e ornato de fachadas, paredes medianeiras, peches de predios, galerías, cubertas e, en xeral, daqueles elementos da edificación visíbeis desde a vía pública .

En concreto, as actuacións protexíbeis son as seguintes:

1.- As obras para as que se solicitan axudas deberán estar comprendidas nun ou máis dos seguintes apartados:

A) Limpeza, xuntado, arranxo, eliminación de aplacados, impermeabilización e -se fora o caso- revoco e/ou pintura de fachadas e paredes medianeiras.

B) Reparación, reposición ou instalación de portas, portalóns, xanelas, galerías, balcóns, miradoiros, reixas, varandas e/ou escaparates.

C) Reparación ou reposición de canles, baixantes e protección de baixantes de augas pluviais.

D) Limpeza, mantemento, adecuación ou substitución de cubertas e/ou dos elementos que se encontran sobre elas.

E) Impermeabilización de terrazas que cumpran a función de cuberta sobre vivendas existentes no andar inferior.

F) Reelaboración de vans e/ou reposición de carpintarías dos locais comerciais ou de oficinas de conformidade coa composición arquitectónica do conxunto da fachada conforme ao autorizado pola Comisión do PEEC e/ou a Licenza Municipal de Obras.

G) Retirada, adaptación ou instalación de toldos, letreiros, rótulos e/ou carteis publicitarios conforme a ordenanza de aplicación, eliminación e ou adaptación de elementos descontextualizados (marquesiñas, caixas de persiana, etc...) existentes na fachada e retirada ou simulación de aparellos de climatización.

H) Pavimentos exteriores e vestíbulos de acceso.

I) Reparación, reposición ou substitución de chemineas de evacuación de gases e fumes

2.- Nas actuacións teranse en conta as consideracións seguintes:

A) As actuacións sobre cubertas, terrazas sobre vivendas, galerías, paredes medianeiras ou outros elementos singulares ou comúns do ámbito externo dos edificios soamente serán obxecto de axuda cando sexan o único elemento que quede pendente de rehabilitación; á marxe deste suposto, as obras necesarias das ditas actuacións deberán ser executadas xunto coa fachada principal do edificio ou, caso de tela xa restaurada, xunto a calquera outra fachada que sexa vista desde a vía pública.

B) Nas actuacións relativas aos locais terán preferencia os locais con actividade no momento de faceren a solicitude.

C) Nas actuacións relativas aos edificios terán preferencia aqueles que teñan presentado o informe técnico correspondente á Inspección Técnica de Edificacións (ITE) e do mesmo se derive a necesidade de execución de obras.

D) Nas solicitudes relativas aos edificios que coincidan con solicitude para local, a suma dos importes das subvencións a outorgar a cada un deles non poderá superar o importe máximo establecido para os edificios na base oitava punto 4) desta convocatoria; neste suposto, aos efectos de avaliación e establecemento do importe da subvención a outorgar, unificaranse as solicitudes e avaliaranse coma unha única solicitude para o edificio no que se localiza o local coa excepción feita de que neste se teña previsto unha recomposición de vans, suposto no que se tratarían as solicitudes de xeito individual.

E) A execución de calquera das obras protexidas contará coa preceptiva Licencia Municipal de Obras e calquera outra autorización ou Resolución Administrativa necesaria conforme á Normativa de aplicación que afecte ao edificio; asemade deberá garantir a súa coherencia técnica e construtiva co estado do edificio e coas restantes obras que puidesen realizarse.

F) Para o outorgamento da subvención terase en conta a aparencia orixinal do local ou edificio co fin de conseguir á súa restauración na medida do posíbel no caso de que teña sufrido, a través das intervencións feitas ao longo do tempo, engadidos ou modificacións que os desvirtúen.

G) Deberán retirarse ou disimularse nas fachadas calquera tipo de cableado e/ou antenas de T.V. e letreiros, rótulos e elementos desconformes que non se axusten á Ordenanza de aplicación. Os/as propietarios/as do local ou edificio deberán asumir o compromiso de evitar as tales instalacións e preservar as condicións estéticas dos mesmos sobre calquera tipo de intervención ou instalación que no futuro se puidese pretender.

3.- De maneira xeral, para os traballos de limpeza da pedra labrada e con detalles ornamentais non se admitirá, salvo excepcións tecnicamente xustificadas, o chorro de auga a presión, que soamente poderá utilizarse preferentemente con sistema de auga quente cando a pedra non estea labrada e sempre con maquinaria que conte cun axeitado control da presión de traballo.

Nos soportes de pedra descártanse expresamente de xeito xeral sistemas de limpeza mediante chorro de area tradicional, abuxardado ou serra de amolar.

4.- A concesión das axudas reguladas por estas bases condicionase á mellora da imaxe exterior do local ou edificio e a súa adaptación á normativa vixente.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 135.000,00 euros (cento trinta e cinco mil euros) que se faran efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2009; 4531.7800001 “subvencións cubertas e fachadas edificios históricos”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatíbeis con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O beneficiario deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación terá que se efectuar no momento de se coñecer e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, non se poderá superar o 80% do orzamento protexíbel.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas ou xurídicas que reúnan algunha das seguintes condicións:

1.- DAS PERSOAS SOLICITANTES:

A) Ser propietarias ou copropietarias, arrendatarias, usufrutuarias ou representantes debidamente autorizados pola propiedade do local ou edificio.

B) Estar libre de calquera tipo de débedas co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, Axencia Tributaria e Facenda da Xunta de Galicia. No suposto de Comunidades de Propietarios, Comunidades de Bens, sociedades ou calquera outra figura xurídica que ostente ou comparta a propiedade do inmóbel, o requisito ao que se fai referencia neste apartado deberá ser cumprido non só pola figura xurídica de que se trate senón tamén por todas e cada unha das persoas físicas que a integren.

C) Non incorrer en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 e cumprir coas obrigas que se recollen no artigo 11, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

D) Non ter sido beneficiarios de axudas para o mesmo fin –total ou parcialmente- nos cinco anos anteriores á data de solicitude da axuda actual; non se consideran afectadas por este suposto as persoas cuxa solicitude de subvención teña por obxecto a execución de obras complementarias de outras que xa fosen executadas con anterioridade, con ou sen subvención, e que estean encamiñadas a completar a rehabilitación do ámbito externo dos edificios.

E) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra mediante a colocación dun cartel e/ou unha placa ou adhesivo normalizados, segundo as especificacións da Concellaría de Patrimonio de Vigo, que permanecerán instalados polo menos desde a aprobación da axuda até o seu pagamento no caso do cartel e durante un ano a contar desde a data de pagamento da subvención no caso da placa ou adhesivo.

F) Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento das obras, da aparencia do local ou do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas de acordo coas determinacións da ordenanza de aplicación e consonte coas obras executadas.

G) Os titulares de locais comerciais que, por resolución firme, fosen sancionados por incumprimento da Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións nos 5 anos anteriores á data de solicitude da subvención non poderán obter estas axudas para obras subvencionábeis que afecten exclusivamente ao local.

2.- DOS EDIFICIOS E LOCAIS:

A) Estar situados dentro do ámbito de actuación definido na base primeira.

B) Ter o edificio unha antigüidade superior aos 25 anos.

C) Estar en axeitadas condicións de seguridade estrutural ou, de ser o caso, ter previsto a execución das obras necesarias que a garantian, cando menos, xunto coas obras de rehabilitación para as que se solicita a axuda.

D) Ter pasado a Inspección Técnica de Edificacións (I.T.E.) naqueles casos nos que lles correspondera pola antigüidade do edificio

3.- DAS ACTUACIÓNS:

A) As actuacións non poderan iniciarse mentres non se notifique o outorgamento da subvención ou non se poña en coñecemento da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo a execución das mesmas.

B) Estas subvencións poderán ser declaradas compatíbeis, previo informe da Oficina de Rehabilitación, con outras axudas por obras, solicitadas ou provisionalmente aprobadas, cuxa xestión correponda a oficina de rehabilitación.

C) Contar coa preceptiva Licenza Municipal de Obras e/ou con calquera outra autorización municipal ou administrativa que sexa necesaria para o seu desenvolvemento.

D) Estar previstas nas Actuacións Protexibels indicadas na base segunda desta convocatoria.

E) Incluír a eliminación e reordenación de antenas de T.V., na medida do posíbel, fóra das fachadas e nunha localización que garanta o menor impacto visual.

F) Incluír a eliminación do cableado de T.V. e a reordenación, na medida do posíbel, do cableado de calquera outro servizo tendido sobre as fachadas co fin de garantir o menor impacto visual.

G) Incluír a eliminación ou disposición e deseño axeitado, na medida do posíbel, de rótulos, toldos, cerramentos, aparellos de aire acondicionado, focos e alarmas de seguridade co fin de garantir o menor impacto visual e o cumprimento da normativa urbanística de aplicación.

H) Incluír a eliminación de elementos descontextualizados e/ou marquesiñas.

I) Ser realizadas conforme á relación de partidas de obra e materiais especificados na memoria e/ou orzamento presentados para o outorgamento da subvención e/ou de acordo coas modificacións que teñan sido propostas e informadas favorabelmente polo técnico adscrito ao Programa.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Realizar a actividade subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.

4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SÉTIMA.-CONTRATACIÓN DAS OBRAS.

1.- As obras serán contratadas polo particular cunha empresa da súa elección. O beneficiario/a informará á Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo de calquera cambio que en relación coa execución da obra se poida producir durante o prazo de execución, sen que se poidan alterar as partidas previstas no orzamento aprobado.

2.- Soamente se poderá autorizar a modificación de partidas inicialmente previstas, cando contén un informe favorábel do técnico adscrito ao Programa, sexan susceptibles de obter licenza e as novas partidas supoñan unha clara mellora respecto das anteriores.

3.- No suposto de que unha das modificacións autorizadas implique unha redución na contía do orzamento, ou por mor da mudanza de empresa adxudicataria das obras se reduza a contía inicialmente prevista no orzamento, este será obxecto de estudo conforme ao regulado nas bases oitava e novena desta convocatoria co fin de establecer, de ser o caso e, mediante os informes necesarios, a nova contía da axuda.

4.- As obras a realizar deberán abranguer todas as actuacións necesarias a criterio dos técnicos da Oficina de Rehabilitación e/ou adscritos ao programa para intervir de xeito completo sobre os elementos que conforman a fachada a conservar ou restaurar incluíndo xenericamente, e como intervencións básicas imprescindíbeis nas actuacións en fachadas de edificios, a limpeza xeral, tratamento hidrófugo e/ou adecuación do propio soporte, arranxo e pintado da carpintaría, arranxo e pintado da ferraxaría e revisión ou substitución de canles e baixantes.

5.- Deberase achegar memoria valorada ou orzamento nos que de xeito detallado se diferenciarán cada unha das partidas posíbeis en cada unha das actuacións e desagregarase en cada unha delas, de xeito detallado, cada unidade de obra coa medición e o prezo unitario correspondentes.

6.- En cumprimento do previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionábel supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionábeis non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención ou xa este expediente aberto na Oficina de Rehabilitación con aprobación correspondente segundo prezos da Base Oficial de prezos da Construción en Galicia.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente cunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Unha vez publicado o acordo de aprobación da subvención, e tendo aprobada a licenza de obra e as autorizacións que correspondan, os/as solicitantes deberán comunicar á Oficina de Rehabilitación do Concello de Vigo con dez días de antelación, o inicio das obras.

7.- Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das obras, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre o/a beneficiario/a da axuda, a Oficina de Rehabilitación do Concello de Vigo e a/as empresa/s adxudicataria/s das obras, esta/s última/s nomeará/n un representante único encargado da coordinación co técnico adscrito ao programa.

8.- As obras deberán rematarse no prazo acordado entre o particular e a empresa que figurará na documentación presentada e sempre antes do 13 de novembro de 2009.

9.- Finalizada a execución das obras, e no prazo de 10 días hábiles seguintes, o/a beneficiario/a xustificará os gastos da actuación achegando os orixinais das facturas, e solicitará por escrito na Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo a inspección das mesmas polo técnico supervisor. Este realizará un informe final das obras conforme se axustan á memoria valorada ou orzamento finalmente autorizado e cumpren, de ser o caso, os condicionantes establecidos no outorgamento da subvención. O informe realizarase nun prazo máximo de 15 días desde a recepción na Oficina de rehabilitación do aviso do particular da finalización das obras.

OITAVA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións a Comisión avaliadora establecerá unha prelación entre elas atendendo aos seguintes criterios:

1.- As solicitudes que finalmente resulten admitidas no procedemento de concesión das subvencións, por cumpren, dentro dos prazos de subsanación que ao efecto se concedan, todos os requisitos esixidos para participar no mesmo, ordenaranse en función da puntuación obtida de acordo cos criterios establecidos no apartado segundo desta base. En caso de empate observaranse os seguintes criterios:

— Nas actuacións relativas aos locais terán preferencia os locais con actividade no momento de facer a solicitude.

— Nas actuacións relativas aos edificios terán preferencia aqueles que teñan presentado o informe técnico correspondente á Inspección Técnica de Edificacións (ITE) e do mesmo se derive a necesidade de execución de obras.

— De persistir o empate será preferida a solicitude de data anterior sobre a posterior.

2.- Estabéllese unha subvención lineal e a fondo perdido aplicábel sobre o orzamento protexíbel, cos límites reflectidos na base oitava, cun importe inicial do 50% do mesmo que poderá incrementarse conforme ao cadro que segue, cun límite máximo de até o 70% de dito orzamento protexíbel.

Polo nivel de protección do edificio	%
<i>Integral ou Estructural</i>	10
<i>Ambiental</i>	6
<i>Nulo ou negativo</i>	1
Por tipo de actuación	%
<i>Actuación integral para a mellora das condicións de ornato, seguridade e salubridade na totalidade do ámbito externo do inmóbel</i>	10
<i>Actuación conxunta de fachada e cuberta</i>	7
<i>Restauración vans en plantas baixas</i>	5
<i>Actuación no edificio ou baixo comercial, complementaria a outras, encamiñada a completar á rehabilitación da/s fachada/s do edificio.</i>	5
<i>Adaptación de letreiros, rótulos, toldos, etc., á ordenanza de aplicación e/ou eliminación de antenas e cableados de TV e elementos descontextualizados das fachadas</i>	5
Por actividade do local	%
<i>Con actividade en planta baixa distinta de Café Bar con música, pub ou semellantes no momento da solicitude.</i>	5

3.- Dentro dos criterios de valoración polo nivel de protección do edificio e polo tipo de actuación so se outorgará valoración por un só nivel de protección e por un só tipo de actuación, que se considerarán como puntos a efectos de avaliar as solicitudes no proceso de selección, e se sumarán a efectos de determinar o tanto por cento da subvención. Aos puntos resultantes poderánselle sumar, no caso de “actividade no local” os que procedan por este criterio. No caso de que a axuda

solicitada se refira a obras afectantes a locais sumaranse os puntos que procedan polos criterios de “nivel de protección”, “tipo de actuación” e “actividade no local” sen que en ningún caso poidan superar os setenta puntos.

4.- De xeito xeral, a axuda non poderá superar en ningún caso os 12.000 euros para as actuacións individualizadas nos locais comerciais nin os 30.000 euros nas relativas ós edificios.

5.- De xeito excepcional e, a proposta da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo, poderase incrementar a contía máxima da axuda para executar as obras de rehabilitación de todas as fachadas do edificio soas ou xunto coas obras de cuberta, galerías, conxuntos de carpintarías ou de ferrallaría e/ou baixos comerciais ata un máximo de 40.000 euros cando se xustifique, mediante o correspondente informe técnico, o interese arquitectónico, histórico ou ambiental do edificio e cando o orzamento de execución material das citadas obras sexa superior aos 120.000 euros (IVE incluído).

6.-En ningún caso as axudas a percibir pola mesma actuación ao abeiro de distintas axudas poderán superar o 80% do orzamento protexíbel, procedendo en caso de que tal exceso se produza a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro da diferenza.

7.- O orzamento protexíbel é o custo real das obras consideradas coma protexíbeis conforme coa segunda das bases da presente convocatoria, e estará determinado polo orzamento de contrata das mesmas (Custo de execución material, máis 13% de gastos xerais, máis 6% de beneficio industrial) máis o I.V.E. correspondente así como honorarios facultativos e tributos satisfeitos por razón das actuacións. O orzamento presentado será revisado segundo a Base de prezos da construción en Galicia.

Estabéllese como contías mínimas do orzamento protexíbel de cada actuación 1.000 euros para as individualizadas nos locais, e 3.000 euros nos edificios.

Estabéllese como contías máximas do presuposto protexíbel para cada actuación as seguintes:

- a) Para o conxunto de actuacións integrais para a mellora das condicións de ornato, seguridade e salubridade na totalidade do ámbito externo do inmóbel; comprendido este polos seus elementos comúns e singulares: 60.000 euros.
- b) Para actuacións en fachadas e/ou paredes medianeiras: 30.000 euros.
- c) Para actuacións en cubertas e/ou terrazas que sexan cubertas de vivendas: 18.000 euros.
- d) Para actuacións en galerías, miradoiros e conxuntos de carpintaría ou ferraxaría: 12.000 euros
- e) Para actuacións individualizadas en locais comerciais: 12.000 euros que poderanse incrementar ata os 18.000 euros cando inclúan a reestruturación de vans.

NOVENA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

Estabalecerase unha prelación entre as solicitudes presentadas en función da puntuación obtida, segundo os baremos da base oitava, resultado da ITE, actividade no local, e data da solicitude en

impreso normalizado que figura como anexo ás presentes bases. A concreta contía a percibir por cada beneficiario virá determinada polos criterios sinalados nos parágrafos 1 e seguintes da base anterior e, eventualmente, pola concorrencia doutras subvencións que podan determinar a redución da que procedese outorgar de acordo cos devanditos criterios. Consumida que sexa a cantidade total prevista para estas axudas polas subvencións que proceda outorgar aos solicitantes admitidos ao procedemento, de acordo cos criterios sinalados, en función da súa prelación, non se concederán máis subvencións, sen prexuízo da eventual posibilidade de obtención de subvención en caso de liberación de crédito suficiente que se contempla na base décimo sexta.

DÉCIMA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de goberno Local.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

DECIMO SEGUNDA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.-. As solicitudes das axudas presentaranse por duplicado, para o seu posterior rexistro no Concello de Vigo, na Oficina de Rehabilitación do Concello de Vigo, sita na Praza da Princesa nº 7 - 1º = dta.

A Oficina de Rehabilitación facilitará a información e asesoramento necesario para acceder a estas axudas, de xeito presencial, a través do Tfno. 986442560, do Fax 986442561 ou do e-mail: urb.rehabilitacion@vigo.org.

A instancia de solicitude será asinada polo solicitante ou o seu representante que deberá acreditar a súa representación por calquera medio válido en dereito.

2.- Os solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

A) Fotocopia do DNI ou NIF do/da solicitante ou do/da representante autorizado/a.

B) Documentación acreditativa da propiedade ou dereito de uso o dereito sobre o local ou edificio.

C) Orixinal da memoria valorada e/ou orzamento da intervención para a que se solicitan as axudas, conforme ao disposto na base sétima, relativa á contratación das obras.

D) Certificado orixinal de conta corrente expedido pola entidade bancaria elixida polo solicitante para que a Concellaría de Patrimonio Histórico ingrese o importe da subvención.

E) Certificación orixinal ou copias compulsadas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, Axencia Tributaria e Facenda da Xunta de Galicia e das súas obrigas para coa Seguridade Social.

F) Declaración responsábel de non incorrer en causa ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvención sinaladas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

G) Declaración responsábel sobre a concesión ou solicitude doutras axudas desta ou doutras administracións para o mesmo fin, indicando o importe, data e a entidade concedente.

H) Licenza de Actividade do local e Licencia de Obras para as que se solicita a axuda, ou no seu caso.

I) Cando corresponda pola antigüidade do edificio, Informe da Inspección Técnica de Edificacións (I.T.E.) ou, no seu defecto e de ser o caso, certificado ou informe de exención.

J) Para os casos de cotitularidade na propiedade (Comunidades de propietarios ou veciños, Comunidades de Bens, Sociedades, etc.):

a) Relación co nome, apelidos, DNI e porcentaxe de participación de todas e cada unha das persoas físicas que as integran.

b) Copia da Acta ou certificación do secretario relativa á xunta ou asemblea pola que se nomea ao Presidente, ao representante da comunidade, de ser o caso, e acordo dos propietarios sobre as obras solicitadas.

c) Copia da Acta ou escritura de constitución da Comunidade, Sociedade, etc.,

d) Fotocopia da escritura de División Horizontal do edificio.

K) Para os solicitantes inquilinos ou titulares de outros dereitos de uso do local:

a) Fotocopia do contrato de arrendamento.

b) Autorización escrita da propiedade do edificio para realizar as obras obxecto desta Norma reflectidas no orzamento que se presenta.

L) A documentación que lle sexa esixíbel ao beneficiario, de acordo coa lexislación mercantil e/ou sectorial aplicábel e co disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación dos condicionantes e obrigas establecidas na presente convocatoria, así como a autorización para acadar os datos en poder das administración públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude.

DÉCIMO TERCEIRA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación achegada estiver incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para a completar ou amañar a falla no prazo de 15 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia que de non o facer teráselle por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DÉCIMO CUARTA.- REFORMULACIÓN DAS SOLICITUDES.

O Concello de Vigo poderá instar aos solicitantes de subvencións a modificar os proxectos de obra para os que se solicita a mesma a fin de abranguer todas as actuacións consideradas necesarias, a

criterio dos técnicos da Oficina de Rehabilitación ou adscritos ao programa, para intervir de xeito completo sobre os elementos que conforman o inmóbel a conservar ou restaurar.

DECIMO QUINTA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000 € ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que os eus datos persoais non se fagan públicos cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios da Oficina de rehabilitación e da Concellaría de Patrimonio Histórico.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaránse na Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo sita na Praza da Princesa nº 7 - 1º = dta. e na propia paxina web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellaría de Patrimonio Histórico– Concello de Vigo”.

DÉCIMO SEXTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellaría de Patrimonio Histórico será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución con base no informe da Comisión Avaliadora.

Presentada a documentación que se solicita na base décimo segunda desta convocatoria, o técnico asignado expresamente a este programa, realizará unha visita de inspección ao edificio ou local para comprobar o estado da edificación e a necesidade das actuacións propostas, realizando un

informe sobre a idoneidade da intervención para a que se solicita axuda e a súa adaptación aos requisitos previstos na convocatoria.

A avaliación das solicitudes se realizará por unha Comisión de Valoración composta pola Delegada da Área de Patrimonio Histórico, a Directora da Oficina de Rehabilitación, un técnico da Oficina de Rehabilitación e a Xefa de servizo de Patrimonio Histórico, que actuará como secretaria, e o inspeccionador asignado para o seguimento das obras deste programa.

A Concellaría de Patrimonio Histórico formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada pola Comisión de Valoración.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución de concesión ademáis de conter os solicitantes aos que se concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes, incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario, non teñan sido estimadas por superaren a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma.

Neste suposto, se como consecuencia de renuncia ou perda do dereito ao cobro da subvención por algún dos beneficiarios, se liberase crédito para atender total ou parcialmente a solicitude ou solicitudes incluídas na “relación ordenada” sinalada no parágrafo anterior, a Xunta de Goberno Local concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao licitante ou solicitantes seguintes a aquel en orde da súa puntuación.

A concellaría de Patrimonio Histórico comunicará esta opción aos interesados, a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogábel de dez días. Unha vez aceptada a proposta por parte do solicitante ou solicitantes, a Xunta de Goberno Local dictará o acto de concesión e procederá á súa notificación.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes a contar do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interporse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Os beneficiarios/as das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellaría de Patrimonio ou a Oficina de rehabilitación a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada.

DÉCIMO SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

1.- A xustificación da actuación constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria da subvención, e debe realizarse nos 10 días hábiles seguintes á finalización das obras. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que se incluírá, baixo a responsabilidade da declarante, os orixinais das facturas ou xustificantes de gasto desagregados ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

2.- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, agás que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pagamento conste de forma expresa que os pagamentos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

3.- Cando a beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da actuación, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal (artigo 73 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003), indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e se procederá á devolución do orixinal.

3.- O incumprimento da obriga de xustificación da execución das obras nos termos establecidos na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a xustificación insuficiente da mesma, de ser o caso, provocará a perda do dereito a percibir o importe da subvención ou, no seu caso, a obriga do reintegro da subvención concedida nas condicións previstas no Artigo 33 da citada Lei.

DÉCIMO SETIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Oficina de Rehabilitación. A directora da Oficina de Rehabilitación emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os beneficiarios deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Patrimonio Histórico e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación polo beneficiario da actividade para a que se concedu a subvención.

Antes de proceder ao pagamento da subvención o beneficiario deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social (Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Axencia tributaria e Seguridade Social) e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsábel, ao abeiro ó Art. 31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, cando se trate de subvencións a familias ou entidades sen ánimo de lucro.

A solicitude de pagamento e a xustificación do gasto polo/a solicitante da axuda, e o informe favorábel da Oficina de rehabilitación sobre as obras executadas, darán lugar ao pagamento da subvención.

O ingreso do importe da subvención farase efectivo por transferencia bancaria que se efectuará na conta corrente da que se presentou certificación para a tramitación do expediente de subvención, unha vez teña á conformidade do servizo de intervención do Concello de Vigo.

Previa comunicación ao Concello de Vigo o beneficiario da subvención poderá ceder o seu dereito ao cobro da subvención —sempre subordinado a xustificación da mesma— á entidade adxudicataria das obras subvencionadas.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducíbel a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Serán tamén causas de perda da subvención:

A) A execución de obras sen contar coa correspondente licenza municipal de obras ou incumprindo o establecido na base 5.3 da presente convocatoria.

B) A incorrecta execución, a xuízo dos técnicos da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo, das obras estipuladas na licenza ou nos modificados autorizados do orzamento.

C) A realización de obras non autorizadas e executadas sen o coñecemento previo dos técnicos supervisores do programa.

D) O impedimento do control e supervisión da obra polo técnicos supervisores do Programa.

E) O incumprimento do prazo establecido do 13 de Novembro de 2009 para a execución e remate das obras.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Serán tamén causa de reintegro:

1.- Pola colocación, sen contar coa preceptiva Licenza Municipal, de letreiros, rótulos ou carteis e/ou pola instalación de aparellos de aire acondicionado, tendais, antenas de TV ou outros elementos descontextualizados en fachadas que non estean permitidos ou non cumpran o establecido polas normas urbanísticas de aplicación nos 5 anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

2.- Pola execución de obras de calquera tipo sen contar coa preceptiva Licenza Municipal, por non axustarse ao autorizado nela ou por desfacer ou alterar, de xeito significativo, nos 5 anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

3.- Pola demolición ou desmontaxe do edificio nos 5 anos seguintes contados a partires da data de pagamento da subvención.

4.- Polo peche e inactividade do local comercial por un período superior aos seis meses continuados ou vintecatro meses resultantes da suma dos períodos de inactividade acumulados nos 5 anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

5.- Por ser o local obxecto de sanción firme por incumprimento da Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións nos tres anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

VIXÉSIMA PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsábel do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

23(683).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A “ESCOLA OBRADOIRO MAR DE VIGO V” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN. EXPTE. 5944/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 13.05.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do paro nas persoas menores de 25 anos. A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro “Patrimonio histórico”, “Lagares”, “Forestal”, “Xardín Histórico de Castrelos”, “Mar de Vigo”

-I, II, III e IV- e obradoiros de emprego “Vigozoo” -I, II e III- e “Vigo Ornamental”), un novo proxecto que de continuidade á exitosa experiencia das escolas obradoiro “Mar de Vigo I, II, III e IV”, con especialidades de profesións relacionadas coa actividade marítima, de tanta importancia na nosa cidade, que complementa a oferta existente. De feito, o proxecto que agora se presenta, responde á necesidade de adaptar os sectores relativos á explotación dos recursos marítimos, hoxe en crise, ás novas tendencias dos mercados e ás novas formas de vida da sociedade. Nos últimos anos celebráronse saídas dende Vigo de importantes eventos a nivel internacional que confirman a boa posición competitiva de Vigo neste ámbito:

- “Volvo Ocean Race” dende a ría de Vigo en novembro de 2005*
- “Tall Ships Race Atlantic Challenge” o “Desafío Atlántico de Grandes Veleros” (conocida como a “Regata de los Grandes Veleros”) na edición de 2009 na que tomou Vigo como punto de partida. Sendo o Concello de Vigo o organizador oficial da saída e que conta coa colaboración da Federación de Vela do Servizo de Voluntariad.*

A maiores realizouse en marzo deste ano unha Feria nautica no recinto do IFEVI, apoiado por varias institucións, sendo unha delas o Concello de Vigo e na que estiveron exhibíndose embarcacións realizadas nas Escolas Obradoiro Mar de Vigo anteriores e prevese a realización doutra feria nautica en Vigo en setembro ou outubro deste ano.

As previsións de xeración de emprego nos sectores relacionados coa utilización turístico-recreativa do mar, xunto con aqueles directa ou indirectamente relacionados coa recuperación de parte do noso patrimonio marítimo, levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, en estreita colaboración co persoal da actual escola obradoiro “Mar de Vigo IV” e coa Unidade de Promoción e Desenvolvemento (UPD) da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, a redactar o presente proxecto “Escola obradoiro Mar de Vigo V” e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

O proxecto consiste nunha escola taller de 45 alumnos/as repartidos/as nas especialidades de “Carpintería de ribeira”, “Novas técnicas de construción naval” e “Actividades náuticas”.

As obras e/ou servizos que realizaranse na escola son os seguintes:

- Servizo de actividades nauticas*
- Servizo de animación nautico-turística*
- Servizo de mantemento, conservación e construción de equipos marítimos*
- Realización de traballos de carpintería de Ribeira*
- Construción de embarcacións deportivas batel, reparación e mantemento con novas técnicas de constución naval*

A duración da “Escola Obradoiro Mar de Vigo V” será de 18 meses e a data prevista de inicio é finais de decembro do ano 2009. Para o seu desenvolvemento, actualmente a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego mantén, en réxime de aluguer, unhas instalacións convenientemente equipadas para este fin, nun lugar con accesibilidade directa ao mar (Estrada do Vao, en Coruxo), requisito imprescindible para a realización das diferentes actuacións que o proxecto ten previstas.

A subvención económica solicitada á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia representa un total de 933.441,60 euros, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na normativa que regula o Programa de Escolas obradoiro e Casas de oficios e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos

e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto. A aportación municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Traballo (mobiliario, maquinaria e equipos, en boa parte xa dotados, pero fundamentalmente o financiamento dos materiais e actividades das obras a realizar) deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2009, 2010 e 2011 dos presupostos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, nos últimos días do ano 2009.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

- *Aprobar o proxecto denominado “Escola Obradoiro Mar de Vigo V”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*
- *Solicitar á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa que regula o Programa de Escolas obradoiro e Casas de oficios.*
- *Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2009, 2010 e 2011, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- *Delegar no concelleiro de Promoción Económica Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación das solicitudes de subvención da Escola Obradoiro “Mar de Vigo V” diante da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(684).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA DESTINADA A COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAR CORPORACIÓNS LOCAIS. EXPTE. 2943/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 14.05.09, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 1 de abril de 2009, da extinta Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOG núm. 76, do 21 de abril de 2009, polo que se convocan subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, por un importe de 143.179,35.-€, desglosado do seguinte xeito:

- “Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI)”. Importe da axuda solicitada: 97.066,67.-€

- “Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero”. Importe da axuda solicitada: 34.046,01-€.
- “Axudas económicas dirixidas a mulleres vítimas de violencia”. Importe da axuda solicitada:12.066,67.-€.

2º.- Dar conta da presente solicitude de subvención ao Pleno da Corporación Municipal..

25(685).- CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2009. EXPTE. 2992/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.04.09, o informe de fiscalización do 14.05.09, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 12.02.09, conformado polo concelleiro-delegado de Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con data 12 de febreiro de 2009, o concelleiro da área de Cultura e Animación sociocultural resolveu que se iniciase o expediente para a convocatoria de subvencións para programas de actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo durante o ano 2009.

Poderán ser beneficiarios da presente convocatoria de subvencións as asociacións, comisións de festas e outras entidades asociativas sen ánimo de lucro que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude e teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo; tamén as persoas físicas ou xurídicas, individual ou mancomunadamente, sen ánimo de lucro.

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 110.000 euros con cargo á bolsa de vinculación da partida 4512.489.0000 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa orzamentario de Animación sociocultural do presente exercicio.

Os criterios de valoración, presentación de solicitudes, prazo e documentación, tramitación, procedemento de concesión, obrigas, pagamentos e xustificación, publicidade, seguimento e control atópanse nas bases que se achegan no expediente e que foron aprobadas pola Xunta de Goberno o 13 de marzo de 2008 e publicadas no BOP o 2 de abril de 2008; no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do decreto 11/2009 de 8 de enero polo que se aproba o reglamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Modifícase a cláusula 10.3 das bases:

3.- Unha vez realizada a valoración de todos as propostas presentados, se a cantidade económica a conceder non coincide coa solicitada e só aos efectos da posterior xustificación, procederase polo servizo de Animación Sociocultural a disminuir o orzamento da actividade, na mesma proporción que a porcentaxe de baixa da cantidade concedida sobre a solicitada. Este importe final modificado será o que como mínimo se deberá xustificar ao final da actividade.

Con carácter previo ao acordo de resolución definitiva das axudas, comunicarase ao solicitante os datos da actividade subvencionada, o orzamento final modificado a xustificar, así como outras posibles modificacións das condicións ou forma de realizar a actividade proposta. Esta actividade subvencionada entenderáse aceptada polo beneficiario no caso de non recibirse manifestación en contra do mesmo no prazo de 10 días contados dende a notificación da mesma.

Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

1º.- Que se aprobe a convocatoria de subvencións para programas de actividades socioculturais realizadas durante o exercicio 2009.

2.- Que se aprobe a modificación da cláusula 10.3 das bases para programas de actividades socioculturais: “3.- Unha vez realizada a valoración de todos as propostas presentados, se a cantidade económica a conceder non coincide coa solicitada e só aos efectos da posterior xustificación, procederase polo servizo de Animación Sociocultural a disminuir o orzamento da actividade, na mesma proporción que a porcentaxe de baixa da cantidade concedida sobre a solicitada. Este importe final modificado será o que como mínimo se deberá xustificar ao final da actividade.

Con carácter previo ao acordo de resolución definitiva das axudas, comunicarase ao solicitante os datos da actividade subvencionada, o orzamento final modificado a xustificar, así como outras posibles modificacións das condicións ou forma de realizar a actividade proposta. Esta actividade subvencionada entenderáse aceptada polo beneficiario no caso de non recibirse manifestación en contra do mesmo no prazo de 10 días contados dende a notificación da mesma”.

3º.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe de 110.000,00 euros con cargo á partida 4512.489.0000 do programa presupostario de Animación sociocultural para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

4º.- Que se aprobe a publicación da convocatoria e modificación da base 10.3.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2009.

En virtude do establecido no artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e disposicións concordantes, a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a programas de actividades de ámbito sociocultural.

Primeiro.- Partida económica e créditos:

A contía da presente convocatoria ascende a 110.000 euros, con cargo á bolsa de vinculación da partida 4512.489.0000 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa orzamentario de Animación Sociocultural.

Segundo.- Prazos

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados dende a publicación desta convocatoria no BOP.

Terceiro.- Solicitantes

Persoas xurídicas sen ánimo de lucro: a todos os conceptos subvencionábeis.

Persoas físicas: aos conceptos subvencionábeis 1.1 e 1.4.

Cuarto.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

As bases desta convocatoria foron publicadas no BOP de Pontevedra núm. 63, do mércores 2 de abril de 2008, coas modificacións que se introducen e publican coa presente convocatoria, están a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, web municipal (www.vigo.org) e servizo de Animación Sociocultural.

Quinto.- Lugar de presentación das solicitudes:

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no formulario –anexo II- que se achegas ás bases, na forma prevista pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexto.- Ámbito temporal dos programa de actividades e gastos subvencionados:

Dende o 1 de decembro de 2008 ata o 30 de novembro do presente ano.

As actividades realizadas no mes de decembro incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

Sétimo.- Notificación da resolución e recursos

A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria no bop, e notificarase tanto as subvencións concedidas como as denegadas. Transcorrido dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no

prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se o acto é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Oitava.- Liñas de subvención:

<i>Liña de subvención única: PROGRAMA DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS.</i>	
<i>Cantidade destinada a esta liña de subvención.....</i>	<i>110.000 €</i>

CONCEPTO SUBVENCIONÁBEL 1.1.- *Programas de actividades dirixidos á promoción e difusión das artes plásticas, escénicas (teatro e danza), música e literatura:*

Réxime Rateo
Modalidade..... Puntos
Cantidade máxima de subvención por programa 12.000 euros
Coantía máxima subvencionable o 75% do presuposto. En ningún caso superará o importe máximo de 12.000 €.
Límite mínimo de puntos 30 puntos
Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR1

CONCEPTO SUBVENCIONÁBEL 1.2.- *Programas de actividades socioculturais nos barrios e parroquias e outros programas da cultura tradicional galega: folclore, Día das letras galegas, Nadal, festas gastronómicas, artesanía.*

Réxime Rateo
Modalidade..... Puntos
Cantidade máxima de subvención por programa 12.000 euros
Coantía máxima subvencionable o 75% do presuposto. En ningún caso superará o importe máximo de 12.000 €.
Límite mínimo de puntos 30 puntos
Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR1

CONCEPTO SUBVENCIONÁBEL 1.3.- Festas tradicionais (Entroido, S. Xoán, Samaín, Magosto...) e festas patronais en barrios e parroquias incluídas no calendario festivo anual.

Réxime Rateo
Modalidade..... Módulos
Módulo Asignación fixa por festa
Módulo A: Festas tradicionais 700 euros
Módulo B: Festas patronais 1.000 euros
Módulo C: Festas patronais de especial interese no ámbito urbano, patrón da cidade 8.000 euros
Límite mínimo de puntos 40 puntos

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR1

Importe máximo por programa no módulo A.....1.700 euros

Coantía máxima destinada a este concepto: 65.000 €. No caso de non agotar o importe das axudas por falta de propostas presentadas, acumularase o importe restante ao programa 1 e 2.

CONCEPTO SUBVENCIONÁBEL 1.4.- Proxectos culturais de vangarda.

Réxime concurrencia competitiva.
Modalidade..... Puntos
Cantidad máxima de subvención por programa 12.000 euros
Límite mínimo de puntos 30 puntos

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR1

Coantía máxima destinada a este concepto: 20.000 €. No caso de non agotar o importe das axudas por falta de propostas presentadas, acumularase o importe restante ao programa 1 e 2.

26(686).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.